

Os tempos aquí eran malos, malísimos. Eu prepareime para traballo de amanuense, con máquina, e traballaba cun procurador en Vigo.

Daquela convocáronse probas para o Instituto Nacional de Previsión, que era unha institución prestixiosa. Eu xa levaba catro anos de mozo e quería casar. Presenteime a probar sorte, con dúbidas porque a ficha facía moito en contra dos protestantes; e grande sería a miña sorpresa cando, aos quince días do exame, me chamaron para que me incorporase ao Instituto.

Superara dúas barreiras, a da mala condición de protestante e a da competencia con moitos outros que podían manexar coma min, ou mellor, o teclado universal.

Moi seguro do que a vida me ofrecía, casei; sen problema porque tanto eu como a miña moza non fomos bautizados na igrexa romana e non necesitabamos logo certificado de apostasía.

Foi un tempo feliz, de gozarmos do amor e dun soldo decente nun traballo en que tiña a mellor das consideracións, por parte dos compañeiros e dos superiores.

Pero as cousas non tardaron en se pór complicadas, porque eu andaba sempre cunha Biblia no peto e me ofrecía a falar do Evanxeo cos que me rodeaban. Ata que o meu xefe inmediato me veu dicir que el era membro da Acción Católica.

-Mire -díxome ás claras-, eu nunca vou ter trato persoal cun protestante; así que non se me dirixa nada máis que para asuntos de traballo. E mire o que fai cos seus compañeiros.

Fiquei advertido pero non deixei de falar cos compañeiros, que me escoitaban porque tiñan consolo nas frases do Evanxeo que eu lles ofrecía.

Entón, un día tiveron a desgraza que mudou todo.

Indo na miña bicicleta ao traballo, nunha curva cerrada e con moita brita, por tras da esquina dun edificio apareceu unha peixeira vella cunha patela na que brillaban as escamas do peixe. De súpeto imaxinei o asfalto estrado de xurelos e sardiñas e freei con forza; con tanta forza que esvarei na brita e batín cun cóbado no chan.

Tiven que ir ao hospital, onde me fixeron radiografías e curas, e de onde saín co brazo vendado e inmovilizado.

No hospital tomáronme nota para a baixa e déronme os papeis que a miña muller foi levar ao Instituto, onde preguntou se cumpría facer algún trámite máis.

Respondéronlle que non na oficina e ela así mo transmitiu.

De todo aquilo non me quedou máis preocupación que a do estrago da bici, que ninguén me ía pagar.

O que nunca fun imaxinar é que, ao meu retorno ao traballo, me fose encontrar co despido. Comunicóuseme que estaba despedido por non ter informado da baixa.

Protestei. A miña muller acompañoume e falamos co compañeiro que a despedira dándolle seguridades de que fixeramos o que cumpría.

-Eu pasei os papeis arriba –repetiunos; ata comprendermos que “arriba” os papeis da miña baixa foran parados para aproveitar a ocasión-. Por favor, non me comprometades –aínda pediu o home.

E deixei a cousa estar.

Estaba na rúa, cunhas pesetiñas de liquidación.

Así, por recomendación dos meus pais, escribín ao tío que tiña en Buenos Aires, que me mandou a pasaxe.

E entrei a traballar alá facilmente na navieira en que aínda traballo, que me dá o privilexio das pasaxes frecuentes a España. A verdade é que Buenos Aires me fixo gañar medo polo seu tamaño, pero pensei que, se tantísima xente era capaz de moverse por alí, eu tamén

o sería. Era unha proba de competencia coma a do Instituto Nacional de Previsión.

A Arxentina hoxe está convulsionada pola política revolucionaria que ten en ascuas toda a América do Sur, pero é un grande país, onde as diferenzas se respectan.

Nós temos igrexa propia onde actuamos libremente, reclamando crentes que busquen a Cristo desde o ano 56, en que nos constituímos como igrexa; e xa se estaban a reunir crentes nun local desde o ano 48.

Movémonos libremente e relacionámonos entre igrexas. Por iso coñecín a súa amiga Maruxa Gómez e puíden ver o labor que fixo como mestra e como crente.